

MARZO 07 TEMPOS NOVOS

118


REVISTA MENSUAL
DE INFORMACIÓN
PARA O DEBATE
4 €

Dossier O urbanismo e as raíces do mal

Iago Martínez, Salvador Parga, María Leboreiro

Entrevistas Javier Alfaya, Alberto Ruiz de Samaniego,
Lidia Senra, Marielle de Sarnez

Cultura Música de quiosco



Na perspectiva do ano 2050
**COMO SERÁ A
GALICIA DO
CAMBIO CLIMÁTICO**



9 771137 694004

Unha contribución á emancipación humana

Ebastante difícil hoxe negar a importante contribución do feminismo. Conta con grandes logros no acceso das mulleres á educación, ao traballo remunerado, á vida civil e política. Mais tamén é certo que hai gran descoñecemento e desmemoria histórica respecto dun movemento de máis de tres séculos -das súas protagonistas, dos seus textos, dos seus fitos históricos, da súa posta en cuestión do masculino como representante do humano e, xa que logo, das súas loitas contra asinxustizas, das súas formas de organización, da súa crítica do sexismo, do androcentrismo e do antropocentrismo como práctica social e teórica -empeñado en acadar que as mulleres poidan desenvolver todas as súas capacidades e sexan quen de autodeterminarse, deixar de ser definidas por outros e, consecuentemente, como 'outro'. Tanto desde a perspectiva da acción política como da teoría, o feminismo supuxo unha revolución que pasenxamente desafiou a orde social e os códigos culturais más arraigados. Fai ver que feitos e relacións considerados "normais" ou "naturais" son produtos históricos e determinados por relacións de poder. Amosa as interrelacións coa raza e a clase. Achega novos valores que atinxeñ á comunidade no seu conxunto. A súa contribución segue a ser decisiva.

O descoñecemento ou o esquecemento da difícil e longa loita das mulleres pola liberdade e a igualdade comporta que haxa quen pense que o feminismo xa non é necesario ou que é cousa de países 'non desenvolvidos'. Non obstante, o feminismo é unha das mellores posicións



Maria X. Agra,
profesora de
Lóxica e
Filosofía Moral
na USC

para tratar cun mundo en crise, con profundos cambios, para pensar o presente. Ante os problemas aos que nos enfrentamos: violencia, pobreza, desigualdades, migracións, tráfico sexual, participación e representación política, dereitos sexuais e reprodutivos..., en definitiva, ante as novas, e vellas, formas de opresión e dominación, o feminismo global supón unha aposta clara por un mundo máis xusto.

Un futuro de conquistas e transformador

Considero que o feminismo fixo algo mais que um contributo, reconstruíu os alicerces da propia emancipación humana, porque sentou as bases da construcción da democracia e deu sentido aos valores e aos direitos humanos. No camiño libertador non se pode escluir ao 50% da humanidade, senón nom podemos falar de emancipación nem de justicia. O feminismo fixo posíbel sair das sombras da caverna de Platón para contemplar a realidade en mais dumha dimensom e coas cores da diversidade. Adentrou-se no privado e na nossa construcción psicológica, questionando mesmo expressões dessa construcción como a linguagem. Só desde posicions conservadoras ou de desconhecimento se pode afirmar que já nom é necessário. A situación das mulleres no planeta indica todo o contrario, e a pluralidade e multiplicidade das expressões feministas som o indicador de que vemos nele unha ferramenta útil, o nosso movemento emancipador. Sendo relativamente recente, se temos em conta a historia da humanidade, queda por diante un futuro que aguardamos cheio de conquistas e profundamente transformador.

Na velha Europa podemos considerar que hai um camiño andado, mas se observamos os efectos da violencia contra as mulleres, a situación do direito ao aborto, o modelo económico de producción e consumo que asfixia a reproducción e o cuidado humano, a religiom maioritaria profundamente misógena ... comprovamos todo o que queda por fazer e o importantes que som



Lupe Ces é
voceira da
Marcha Mundial
das Mulleres en
Galiza.

avanços como o que se deu em Portugal co resultado do referéndum do aborto, ao frear um integrismo que está en plena ofensiva por manter en Europa as estruturas patriarcais. A incorporación de novas gerações de feministas, ainda num país tam avelhentado coma o nosso, ponhem um punto de optimismo nessa olhada cara ese futuro trabalhoso.